

Servicios centrais

Programa de control e seguimento da calidade das augas.

Rede de estacións foronómicas.

13043 *LEI 11/2001, do 5 de xullo, pola que se crea a Axencia Española de Seguridade Alimentaria. («BOE» 161, do 6-7-2001.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono esta lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A seguridade alimentaria é unha esixencia derivada da Constitución, que consagra o dereito á protección da saúde e lles outorga ós poderes públicos competencia para organizar e tutela-la saúde pública e lles encomenda a defensa dos consumidores e usuarios, protexendo, mediante procedementos eficaces, a seguridade, a saúde e os seus lexítimos intereses (artigos 43, 51 e 149.1.16.^a).

Na mesma liña, a Lei 26/1984, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, atribúelle á Administración xeral do Estado o deber de adoptar cantas medidas sexan convenientes para protexer e defende-los dereitos dos consumidores, especialmente no que fai referencia á súa saúde e seguridade (artigo 39.4).

Así mesmo, a Lei 14/1986, xeral de sanidade, ordénalles ós órganos competentes das administracións públicas desenvolve-las actividades necesarias para «o control sanitario e a prevención dos riscos para a saúde derivados dos produtos alimenticios, incluíndo a mellora das súas calidades nutritivas» (artigo 18.10).

Ademais de que a seguridade alimentaria é unha esixencia constitucional e promovela unha obriga dos poderes públicos, os cidadáns esixen que prevaleza sobre calquera outro tipo de intereses.

O carácter intersectorial, a natureza multifactorial e a indubidable complexidade da seguridade alimentaria, aconsellan dispor de instrumentos que, sen menoscabo da responsabilidade empresarial e do marco competencial, poidan achegar un claro valor engadido á xestión integral da seguridade alimentaria en toda a cadea de produción, elaboración, distribución e consumo.

Diso despréndese que é necesario unha profunda reconsideración da política de seguridade alimentaria, que permita afronta-los problemas que poidan asociarse á cadea alimentaria coas maiores cotas de seguridade.

Por iso, o Congreso dos Deputados aprobou, o 23 de xuño de 1999, unha resolución instando o Goberno á constitución dunha Axencia Española para a Seguridade Alimentaria.

Neste mesmo sentido, en decembro de 1999, a Comisión Europea presentou unha proposta que deu lugar ó Libro branco sobre a seguridade alimentaria. Entre outras medidas, considera a creación dunha autoridade europea en materia de seguridade alimentaria, que deberá atopala súa correspondencia na creación de organismos análogos, constituíndo entre todos eles unha rede de cooperación e intercambio de información, baixo a coordinación da dita autoridade europea.

Os principios contidos no Libro branco da seguridade alimentaria refírense á inocuidade dos produtos alimenticios baseada nunha consideración integral da cadea alimentaria; á análise dos riscos alimentarios, baixo a triple consideración da avaliación, xestión e comunicación de riscos, como ferramenta máis adecuada para promove-los maiores niveis de protección e confianza dos consumidores; á necesidade de fundamenta-la xestión dos riscos levada a cabo polas autoridades competentes, en avaliacións científicas xeradas desde a excelencia e a independencia; así como a transparencia que debe presidir todas estas actuacións.

Todo iso vén ratifica-la conveniencia e oportunidade de constituír unha Axencia Española de Seguridade Alimentaria que, integrando os elementos de intersectorialidade e interterritorialidade de acordo co marco competencial vixente, propicie unha xestión eficaz da seguridade dos alimentos inspirada e potenciada polos ditos principios.

A Axencia Española de Seguridade Alimentaria, que se crea mediante esta disposición, vén dar resposta ós mandados e necesidades expostos e integrar todos aqueles elementos que promoven a seguridade dos produtos e procesos alimentarios e, en consecuencia, procede a articular nun mesmo organismo os distintos instrumentos dedicados á seguridade alimentaria.

En todo este contexto, esta lei crea a axencia española por considerar que ha de ser un elemento fundamental na construción da seguridade alimentaria no marco da Unión Europea. A creación da axencia responde ós mesmos obxectivos que deron ou están dando lugar á creación deste tipo de organismos noutros estados da Unión Europea e á propia Autoridade Alimentaria Europea. Con todos eles deberá colaborar estreitamente, polo que se considerou conveniente que, sen prexuízo das necesarias adecuacións e, sobre todo, do respecto ó marco competencial que nas materias concernidas está establecido na Constitución e nos estatutos das comunidades autónomas, os seus obxectivos, principios, formas organizativas e métodos de traballo sexan similares e compatibles con aqueles.

As liñas directrices que informan a creación da axencia son, polo tanto, as seguintes:

O seu obxectivo xeral é o de protexe-la saúde pública, contribuíndo a que os alimentos destinados ó consumo humano, —considerando a cadea alimentaria na súa integridade desde a produción primaria ata o consumo—, sexan seguros e garanti-la súa calidade nutricional e a promoción da saúde.

A axencia debe protexe-los intereses dos consumidores actuando baixo os principios de transparencia e independencia e adoptando as súas decisións logo de valoración científica rigorosa e de excelencia dos riscos existentes, coa participación activa dos consumidores, os operadores económicos e sociais e a comunidade científica.

A axencia debe impulsa-la cooperación de tódalas administracións públicas competentes, constituíndose en centro de referencia na análise de riscos alimentarios.

A axencia ha de asumir unha función relevante na definición das novas necesidades normativas e executivas relativas á seguridade alimentaria e, se é o caso, incorporar no seu ámbito de actuación aspectos emerxentes que directa ou indirectamente estean relacionados coa cadea alimentaria, con particular referencia ós aspectos do benestar animal relacionados coa seguridade alimentaria.

A Axencia terá o carácter de organismo autónomo, de acordo co establecido na Lei 6/1997, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, como vía para promover unha maior operatividade e

compatibilidade co marco competencial vixente, adscribíndose ó Ministerio de Sanidade e Consumo. A dita adscripción presupón a colaboración dos distintos departamentos ministeriais no ámbito das súas respectivas competencias, así como das demais administracións públicas e dos sectores interesados, contando coa colaboración das asociacións de consumidores e usuarios.

Prevese ademais a participación dos ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Medio Ambiente, así como do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, na designación dos órganos de dirección, na consecución de obxectivos e na elaboración do estatuto da Axencia.

Transcorrido un período de tempo suficiente desde a constitución da axencia, procederase a unha análise do seu funcionamento e, se desta se concluíse que, para o mellor exercicio das súas funcións, fose conveniente dotala dun ámbito maior de autonomía funcional, de acordo co previsto na disposición adicional décima da Lei 6/1997, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, procederase a realiza-las modificacións necesarias para tal fin.

Artigo 1. *Creación da Axencia Española de Seguridade Alimentaria.*

1. Créase, coa denominación de Axencia Española de Seguridade Alimentaria, un organismo público con carácter de organismo autónomo, de acordo co previsto nos artigos 41, 43, 61 e 62 da Lei 6/1997, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, con personalidade xurídico-pública diferenciada e plena capacidade de obrar, que se rexerá pola presente lei e demais disposicións de aplicación.

2. O dito organismo autónomo adscribítese ó Ministerio de Sanidade e Consumo, ó que lle corresponde a súa dirección estratéxica, e a avaliación e control dos resultados da súa actividade. A participación dos distintos departamentos nos órganos da axencia determinarase no seu estatuto.

3. Á axencia, dentro da esfera das súas competencias, correspóndenlle as potestades administrativas para o cumprimento dos seus fins, nos termos que prevexa o seu estatuto e de acordo coa lexislación aplicable.

4. No exercicio das súas funcións públicas a axencia actuará de acordo co previsto na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Artigo 2. *Obxectivos e funcións.*

1. A axencia créase co obxectivo xeral de promover a seguridade alimentaria, como aspecto fundamental da saúde pública, e de lles ofrecer garantías e información obxectiva ós consumidores e axentes económicos do sector agroalimentario español, desde o ámbito de actuación das competencias da Administración xeral do Estado e coa cooperación das demais administracións públicas e sectores interesados.

Serán obxectivos específicos os seguintes:

a) Propicia-la colaboración e coordinación das administracións públicas competentes en materia de seguridade alimentaria.

b) Favorece-la colaboración entre as administracións públicas e os distintos sectores interesados incluídas as asociacións de consumidores e usuarios.

c) Actuar como centro de referencia de ámbito nacional na avaliación de riscos alimentarios e na xestión

e comunicación daqueles, especialmente nas situacións de crise ou emerxencia.

Os seus ámbitos de actuación son os seguintes:

A seguridade dos alimentos destinados ó consumo humano, incluíndo a nutrición e os aspectos de calidade con incidencia na saúde.

A seguridade da cadea alimentaria, abrangendo tódalas súas fases.

Os aspectos de sanidade animal e sanidade vexetal que incidan directa ou indirectamente na seguridade alimentaria.

Calquera outro que se lle asigne á luz dos avances científicos e as novas demandas sociais.

2. Son funcións da axencia:

a) Coordina-las actuacións das administracións con competencias que incidan directa ou indirectamente na seguridade alimentaria.

b) Programar e coordina-las actuacións relativas ós aspectos sanitarios do control oficial de produtos alimenticios previstos pola normativa vixente.

c) Instar actuacións executivas e, se é o caso, normativas, das autoridades competentes, especialmente en situacións de crise ou emerxencia.

d) Identificar e coordina-los foros intersectoriais e interterritoriais con competencias en seguridade alimentaria.

e) Censar e actualiza-los recursos, públicos ou privados, relacionados coa seguridade alimentaria, favorecendo as relacións entre eles.

f) Elaborar e promover estudos e traballos de investigación.

g) Diseñar programas anuais de estudos prospectivos en materia de seguridade alimentaria para que sexan desenvolvidos, se é o caso, polas autoridades competentes.

h) Informar sobre a posición de España e, se é o caso, representala, nos asuntos de seguridade alimentaria que se traten na Unión Europea e nos organismos internacionais, especialmente a Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO), a Organización Mundial da Saúde (OMS), o Codex Alimentarius e o Consello de Europa.

i) Proporcionar un soporte técnico que, para o conxunto das administracións con competencias, garanta o uso da mellor evidencia científica.

x) Asesora-las administracións públicas na planificación e desenvolvemento das súas políticas alimentarias.

k) Asesora-los sectores económicos e sociais implicados na seguridade alimentaria, cos que establecerá canles de comunicación permanente.

l) Difundi-los informes e criterios técnicos que elabore o comité científico.

m) Promover cantas accións de información sexan precisas para consumidores e usuarios.

n) Elaborar un procedemento xeral de actuación para situacións de crise e emerxencia alimentarias.

ñ) Coordina-lo funcionamento das redes de alerta existentes no ámbito da seguridade alimentaria no territorio español e a súa integración nos sistemas de alerta comunitarios e internacionais.

o) Elaborar procedementos certificados de control de alimentos, procesos e establecementos, que sirvan de referencia para efectos de acreditación polas autoridades competentes.

p) Promove-la simplificación e unificación das normas en materia de seguridade alimentaria, así como formular propostas para novos desenvolvementos normativos.

q) Emitir informe, se é o caso, sobre as autorizacións que lle correspondan á Administración xeral do Estado neste ámbito.

r) Identifica-las necesidades de formación continua dos profesionais do control de alimentos e deseñar programas marco para satisfacer aquelas.

s) Constituí-las bases de datos que poidan colaborar no desenvolvemento harmónico das funcións encomendadas ás autoridades.

t) Elaborar unha memoria anual que reflicta as actuacións de control oficial no conxunto do Estado e que analice a situación xeral da seguridade alimentaria en España, sinalando os campos prioritarios de acción e, en particular, os riscos emerxentes.

u) Establecer e mante-los mecanismos necesarios para actuar de modo integrado na rede europea de axencias ou organismos de seguridade alimentaria.

v) Realizar calquera outra que lle sexa atribuída por normas legais ou regulamentarias, así como as correspondentes ós órganos e unidades integrados nas estruturas da axencia.

Artigo 3. *Órganos da axencia.*

Son órganos da axencia:

- O Consello de Dirección.
- A Comisión Institucional.
- O Consello Consultivo.
- O Comité Científico.
- O Director Executivo.

Artigo 4. *Regulación básica dos órganos da axencia.*

1. Consello de Dirección:

a) O Consello de Dirección é o órgano rector da axencia. Correspóndelle velar pola consecución dos obxectivos asignados á axencia e exerce-la súa superior dirección.

b) O Consello de Dirección estará composto por:

1) O presidente do Consello de Dirección da axencia, que desempeñará a presidencia do organismo.

2) O ou os vicepresidentes.

3) Catro membros nomeados polo Goberno da Nación por proposta dos ministros de Sanidade e Consumo, de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Medio Ambiente, así como do de Ciencia e Tecnoloxía.

4) Catro membros designados polas comunidades autónomas.

5) Dous membros designados polas entidades locais por proposta da asociación de entidades locais con maior implantación en España.

6) Dous membros, nomeados un por proposta do Consello de Consumidores e Usuarios e outro por proposta das organizacións económicas máis representativas dos sectores de produción, transformación, distribución e restauración nos termos que se determinen regulamentariamente.

c) O nomeamento dos membros do Consello de Dirección deberá recaer en persoas de recoñecida competencia profesional en calquera dos ámbitos relevantes para o funcionamento da axencia. O seu mandato será de catro anos. O dito mandato será renovable na forma que determine o estatuto.

d) O presidente será nomeado polo Consello de Ministros, por proposta do titular do departamento de Sanidade e Consumo, e poderanse nomear ata dous vicepresidentes na forma que regulamentariamente se determine.

e) O Consello de Dirección reunirse, alomenos, unha vez ó mes, así como cantas veces o convoque o seu presidente ou por petición dun tercio dos seus membros.

f) Os membros do Consello de Dirección no exercicio das funcións que lles corresponden actuarán con plena autonomía.

g) A organización e funcionamento do Consello de Dirección serán regulados polo estatuto da axencia.

2. Comisión Institucional:

a) A Comisión Institucional é o órgano da axencia encargado de establecer mecanismos eficaces de coordinación e cooperación entre as administracións públicas con competencias en materia de seguridade alimentaria.

b) A Comisión Institucional estará composta por un representante do Ministerio de Sanidade e Consumo, outro do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, outro do Ministerio de Medio Ambiente, outro do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía e un representante de cada unha das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla, así como catro representantes das entidades locais, designados pola asociación de ámbito estatal de maior implantación.

c) A Comisión Institucional estará presidida polo presidente da axencia. Terá dous vicepresidentes elixidos por e entre os seus membros.

d) A Comisión Institucional poderá funcionar en pleno ou en grupos de traballo.

e) A regulación da organización e do funcionamento da Comisión Institucional establecerase regulamentariamente.

3. Consello Consultivo:

a) O Consello Consultivo, como órgano de participación activa da sociedade nos asuntos relacionados coa seguridade alimentaria, estará composto por representantes das organizacións de consumidores e das organizacións económicas, profesionais e sociais, o ámbito de actividade das cales incida directa ou indirectamente na seguridade alimentaria.

b) O Consello Consultivo asesorará o Consello de Dirección e o director executivo no exercicio das súas funcións e será consultado preceptivamente por estes naqueles asuntos que se determinen no estatuto.

c) A composición do Consello Consultivo regularase no estatuto. O Consello Consultivo será presidido polo presidente da axencia. Poderán nomearse dous vicepresidentes, elixidos por e entre os membros do Consello Consultivo.

4. Comité Científico:

a) Créase un Comité Científico que terá, entre as súas funcións, a de proporcionarlle á axencia dictames científicos en materia de seguridade alimentaria, defini-lo ámbito dos traballos de investigación necesarios para as funcións da axencia e coordina-los traballos dos grupos de expertos que realicen actividades de avaliación de riscos no marco das actuacións da axencia.

b) A composición terá en conta a diversidade de disciplinas que require a análise e a xestión dos riscos relacionados coa seguridade alimentaria.

c) O Consello de Dirección nomeará os membros do Comité Científico por un período determinado e a través dos procedementos que se establezan no Estatuto.

d) Baixo a dependencia do Comité Científico constituiranse grupos de expertos. O número e denominación dos grupos de expertos será determinado polo Consello

de Dirección, por proposta do director executivo trala súa consulta ó Comité Científico.

e) A axencia impulsará a creación dunha rede de institucións que colaboren permanentemente, á que lle poderá encargarse traballos de investigación e informes científicos e técnicos.

5. Director executivo:

a) O director executivo, que ten a representación legal da axencia, exercerá tódalas funcións de dirección da axencia que non lle correspondan ó seu presidente ou ó Consello de Dirección. As súas atribucións serán fixadas no estatuto.

b) O director executivo será nomeado polo Consello de Ministros, por proposta do presidente do Consello de Dirección, logo de informe preceptivo do dito consello e por un período de catro anos renovable.

c) O director executivo cesará por algunha das seguintes causas:

- 1) Expiración do período do seu mandato.
- 2) Renuncia aceptada polo Consello de Ministros.
- 3) Separación acordada polo Goberno, logo de instrución de expediente, no que será oído o Consello de Dirección, por incumprimento grave das súas obrigas, incapacidade sobrevida para o exercicio da súa función ou incompatibilidade.
- 4) Acordo do Consello de Ministros por proposta do Consello de Dirección.
- 5) Condena por delicto doloso.

d) O director executivo terá a consideración de alto cargo e estará suxeito ó réxime, de incompatibilidades previsto na Lei 12/1995, de incompatibilidades dos membros do Goberno da Nación e altos cargos da Administración xeral do Estado.

e) O director executivo asistirá ás reunións do Consello de Dirección con voz pero sen voto.

f) O director executivo dará conta da súa xestión ó Consello de Dirección e deberá someterlle para a súa aprobación os programas de traballo, a memoria de actividades realizadas e o anteproxecto de orzamentos.

6. Principios específicos de actuación da axencia:

a) A axencia actúa de acordo cos principios de independencia na protección da saúde pública e na defensa dos consumidores; de transparencia na súa xestión, de avaliación continua da súa actividade e de control permanente.

b) As decisións da axencia basearanse en coñecementos e datos obxectivos de análise de riscos formalmente realizados e serán adoptadas de acordo coa protección da saúde, o interese público e o principio de precaución.

c) Os membros do Consello de Dirección, á Comisión Institucional e ó Comité Científico seranlles de aplicación as causas de abstención e recusación establecidas na Lei 30/1992 e demais normativa que proceda.

d) Os membros do Consello de Dirección e do Comité Científico realizarán declaracións de causas que xeren situación de incompatibilidade para o desenvolvemento da súa xestión. O estatuto establecerá o procedemento para o cumprimento deste deber.

e) De acordo co principio de transparencia e sen prexuízo do respecto do dereito á intimidade das persoas e ás materias protexidas polo segredo industrial e comercial sempre que non comprometan a protección da saúde pública:

1) Tódolos cidadáns teñen o dereito de acceso, polo procedemento que regulamentariamente se determine,

ós dictames científicos elaborados pola axencia, ós documentos que consten no seu poder e ó informe anual de actividades.

2) Establecerase un procedemento para que os acordos reflectidos nas actas do Consello de Dirección e do Comité Científico poidan ser consultados polos cidadáns.

3) A axencia comunicará pola súa propia iniciativa a información relevante para a poboación, especialmente en situacións de crise alimentaria. Para tal efecto a axencia elaborará un plan xeral de comunicación de riscos e un específico para situacións de crise e emerxencia.

f) As normas que se promovan en materias que afectan a axencia serán sometidas ó trámite de audiencia establecido no artigo 24.1.c) da Lei 50/1997, do Goberno.

g) Os programas de actividades, así como a memoria de actividades da axencia, unha vez aprobados polo Consello de Dirección, serán presentados ás Cortes Xerais, ó Goberno da Nación e ós gobernos das comunidades autónomas.

7. Relacións con outras autoridades alimentarias:

a) A axencia será responsable da interlocución coa autoridade alimentaria europea e con outras institucións internacionais no ámbito da seguridade alimentaria.

b) A axencia impulsará a coordinación e as accións conxuntas coas autoridades alimentarias das comunidades autónomas e, se é o caso, das corporacións locais.

c) A axencia prestarálle-los seus servizos de avaliación de riscos e elaboración de dictames ás autoridades das comunidades autónomas, de acordo co establecido no estatuto.

8. Redes de alerta:

A axencia coordinará o funcionamento das redes de alerta alimentarias existentes no estado e será responsable da súa integración no sistema comunitario de alerta alimentaria e en calquera outro de carácter internacional.

9. Comités de crise e de emerxencia:

En situacións de crise e emerxencia e de acordo co procedemento de actuación establecido con carácter xeral, a axencia aprobará un plan específico para cada crise, realizará o seguimento continuo dela e constituirá un comité de crise e emerxencia específico en cada caso, dotándoa de tódolos medios para coordinar as actuacións necesarias e o exercicio rápido e eficaz das súas funcións.

Artigo 5. *Réxime de persoal.*

O réxime de persoal da axencia axustarase ós seguintes criterios:

1. O persoal directivo da axencia, que será o determinado no seu estatuto, será nomeado conforme o establecido na Lei 6/1997, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

2. A tramitación das convocatorias de selección e provisión de postos de traballo será realizada pola axencia, axustando as súas bases ós principios xerais establecidos na Lei 30/1984, de medidas para a reforma da función pública.

Artigo 6. *Financiamento e patrimonio.*

1. Os recursos económicos da axencia estarán integrados por:

a) As asignacións que anualmente se establezan con cargo ós orzamentos xerais do estado.

b) As achegas procedentes de fondos comunitarios destinados ó cumprimento dos seus fins.

c) As taxas ou outros ingresos públicos dimanantes da súa actividade.

d) As subvencións, así como os ingresos que obteña como consecuencia de concertos ou convenios con entes públicos.

e) Calquera outro recurso non previsto nos puntos anteriores e que legalmente poida corresponderlle.

2. A Axencia poderá ter adscritos bens do patrimonio do estado para o cumprimento dos seus fins.

Artigo 7. *Réxime de contratación.*

1. A contratación da axencia réxese polas normas xerais de contratación das administracións públicas.

2. O réxime xurídico das actividades de consultoría e asistencia que a axencia realice por medio do persoal ó servizo das administracións públicas será regulado polo estatuto daquela.

Artigo 8. *Réxime orzamentario.*

1. A axencia elaborará anualmente un anteproxecto de orzamento coa estrutura que sinale o Ministerio de Facenda, e remitirallo ó Ministerio de Sanidade e Consumo para a súa elevación ó Goberno e posterior remisión ás Cortes Xerais, como parte dos orzamentos xerais do estado.

2. O réxime orzamentario da axencia será o establecido na Lei xeral orzamentaria para os organismos autónomos.

Artigo 9. *Intervención e contabilidade.*

1. A axencia estará sometida a control pola Intervención Xeral da Administración do Estado, na forma prevista na Lei xeral orzamentaria para os organismos autónomos.

2. A axencia estará sometida ó réxime de contabilidade pública.

Artigo 10. *Estatuto e constitución da axencia.*

1. Correspóndelle ó Goberno aproba-lo estatuto da Axencia Española de Seguridade Alimentaria, mediante real decreto, por iniciativa dos ministros de Sanidade e Consumo e de Agricultura, Pesca e Alimentación e por proposta conxunta dos ministros de Administracións Públicas e de Facenda.

2. A constitución efectiva da axencia terá lugar no momento e cos prazos que sinale o real decreto de aprobación do seu estatuto. O dito real decreto deberá someterse á aprobación do Consello de Ministros nun prazo non superior a seis meses desde a entrada en vigor desta lei.

3. No citado real decreto determinaranse os órganos, centros e servizos da Administración xeral do Estado que quedarán integrados na axencia coas modificacións que sexan precisas.

4. Determinarase, igualmente, a participación doutros departamentos ministeriais nos órganos da axencia.

Disposición adicional primeira. *Título competencial.*

A presente lei dítase ó abeiro do artigo 149.1.16.^a, relativo ás bases e coordinación xeral da sanidade, da Constitución española.

Disposición adicional segunda. *Réxime xurídico aplicable á resolución administrativa de determinadas materias.*

En cumprimento do disposto no punto 2 da disposición adicional primeira da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, entenderanse incluídos na excepción prevista no punto 2 do artigo 43 da Lei 30/1992, os procedementos seguintes:

Homologación e rexistro de praguicidas de uso na industria alimentaria e de uso ambiental (Real decreto 3349/1983, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a fabricación, comercialización e utilización de praguicidas, modificado polo Real decreto 162/1991, e Real decreto 443/1994).

Autorización sanitaria de mercadorías (Real decreto 1977/1999, polo que se establecen os principios relativos á organización dos controis veterinarios sobre os produtos de países terceiros, e Orde ministerial do 20 de xaneiro de 1994).

Autorización sanitaria de establecemento para reparar carne e produtos cárnicos a Estados Unidos de América (Orde ministerial do 4 de abril de 1995, pola que se regulan as condicións técnico-sanitarias e de autorización aplicables ós establecementos de carnes e produtos cárnicos para a súa exportación a Estados Unidos de América).

Autorización sanitaria de produción e comercialización con países terceiros de carnes frescas, produtos cárnicos e outros determinados produtos de orixe animal (Real decreto 218/1999, polo que se establecen as condicións sanitarias de produción e comercialización con países terceiros de carnes frescas, produtos cárnicos e outros determinados produtos de orixe animal).

Avaliación e rexistro de preparados alimenticios para réximes especiais (Real decreto 2695/1976 polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de preparados alimenticios para réximes dietéticos e especiais, e Real decreto 1712/1991, sobre rexistro xeral sanitario de alimentos).

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución desta lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 5 de xullo de 2001.

JUAN CARLOS R.